

A C T A N° 1/2013

**DA SESION ORDINARIA
CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL**

- DIA 03/01/2013

Presidente:

ADOLFO F. MUIÑOS SANCHEZ.- (BNG)

Concelleiros/as asistentes:

ADELINA CES QUINTANS (BNG)

CONSTANTINO CASTAÑO CALVO (BNG)

XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ (BNG)

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO (BNG)

JOSE CARLOS GEY HERMO (PSOE)

M^a OLGA GONZÁLEZ DOURADO (PSOE).-

ANA MARIA AGRELO REY (PSOE)

ANA MARIA EITOR VIDAL (PP)

JOSE RICARDO BESADA GESTO (PP)

M^a DE LAS NIEVES VICENTE VARELA (PP)

JOSE LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE (PP).-

ELISA BOUZAS VICENTE (PP)

SONIA CASTAÑO EIRAS (PSOE)

M^a VANESA MARTÍNEZ DURAN (PP)

Concelleiros ausentes:

JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO (PSOE)

M^a TERESA SOBRADELO IGLESIA.- (BNG)

Secretaria:

Carolina Costoya Pardo

Interventora:

Na Casa Consistorial de Rianxo, no día e hora indicada na convocatoria, baixo a Presidencia do Sr.Alcalde, reúnen os/as señores/as Concelleiros/as que á marxe se indican, coa asistencia da Interventora Municipal e da Secretaria da Corporación, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal.

Neste caso, sesión ordinaria acolléndose a potestade outorgada polo pleno organizativo de atrasalo ata unha semana en época de Nadal.

Desculpada a ausencia dos concelleiros que se sinala ao marxe, e constatada a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo Sr.Presidente declárase aberta a sesión e procédese a trata-los asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR:

2º.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.

3º.- DACIÓN DE CONTA DA MODIFICACIÓN DOS Membros DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS.

4º.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE DETERMINADAS MATERIAS DE PERSONAL LABORAL: RECOÑECIMENTO E ABONO DA ANTIGÜIDADE.

5º.- PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS 2013)

6º.- MOCIONS DE URXENCIA

7º.- .ROGOS E PREGUNTAS

1.- APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION ANTERIOR.-

Acta N° 18 Sesión ordinaria do día 29/11/2012

O Presidente preguntalle aos Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada por unanimidade dos presentes.

2.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.

2.A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/11/2012 ata o 30/11/2012 , que comprenden os números 576/2012 ao 629/2012, de cuxa relación deuse copia aos voceiros dos grupos.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.

2.B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 22 da Sesión ordinaria do día 13/11/2012
- Acta Nº 23 da Sesión ordinaria do día 27/11/2012

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.-

3.- DACIÓN DE CONTA DA MODIFICACIÓN DOS MEMBROS DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS.

Pola Presidencia dáse conta do escrito presentado polo grupo político do PPdeG para as modificacións dos seus membros ás diferentes Comisións informativas e órganos colexiados creadas polo Pleno da Corporación (Rex. entrada de data 17/12/2012).

Cómpre lembrar que tense constituído o día 08/07/2011 as diferentes comisións informativas creadas por acordo plenario do 30 de xuño do presente ano, e delegada a Presidencia delas, agás na comisión especial relativa ao PXOM, vía Resolución nº 988/2011.-

En consecuencia os membros das diferentes Comisións Informativas e órganos colexiados modificadas son os seguintes:

COMISIÓN INFORMATIVA DE OBRAS, SERVIZOS, PROTECCIÓN CIVIL, E MEDIO AMBIENTE.

Presidente: D/Dª CONSTANTINO CASTAÑO CALVO.

Vogais:

- Grupo B.N.G:

Titular: D/Dª CONSTANTINO CASTAÑO CALVO .- Suplente: D/Dª XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ

- Grupo P.P.:

Titular: D/Dª ELISA BOUZAS VICENTE.- Suplente: D/Dª MARÍA VANESA MARTÍENZ DURÁN

- Grupo PSdeG-PSOE:

Titular: D/Dª JOSE CARLOS GEY HERMO.- Suplente: D/Dª SONIA CASTAÑO EIRAS

COMISIÓN INFORMATIVA DE DEPORTE, XUVENTUDE, MULLER E SANIDADE.

Presidente: D/Dª JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO.-

Vogais:

- Grupo B.N.G:

Titular: D/D^a HADRIANA ORDOÑEZ OTERO.- Suplente: D/D^a M^a TERESA SOBRADELO IGLESIAS

- Grupo P.P.:

Titular: D/D^a M^a DE LAS NIEVES VICENTE VARELA.- Suplente: D/D^a ANA MARÍA EITOR VIDAL

- Grupo PSdeG-PSOE:

Titular: D/D^a JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO.- Suplente: D/D^a ANA MARIA AGRELO REY.

COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS:

Presidente: D/D^a SONIA CASTAÑO EIRAS

Vogais:

- Presidente: D/D^a Grupo B.N.G:

Titular: D/D^a ADELINA CES QUINTANS.- Suplente: D/D^a CONSTANTINO CASTAÑO CALVO

- Grupo P.P.:

Titular: D/D^a JOSE RICARDO BESADA GESTO.- Suplente: D/D^a MARIA DE LAS NIEVES VICENTE VARELA

- Grupo PSdeG-PSOE:

Titular: D/D^a SONIA CASTAÑO EIRAS.- Suplente: D/D^a JOSE CARLOS GEY HERMO

ÓRGANOS COLEXIADOS:

Fundación Museo do Mar:

Patróns Natos:

- O Alcalde do Concello de Rianxo.
- Dona. Hadriana Ordoñez Otero.
- Dona Sonia Castaño Eiras.
- Dona María de las Nieves Vicente Varela.

Mesa Local de comercio

Representantes:

- D. Jose Carlos Gey Hermo.
- Dona Elisa Bouzas Vicente.

Escola Infantil “ Galiña Azul”:

Representantes:

- Comisión Mixta : O Alcalde.
- Consello Escolar : Dona Hadriana Ordoñez Otero e Don José Ricardo Besada Gesto.

Procédase a súa publicación preceptiva é a notificación ás entidades onde se produciron os cambios.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.

4º.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE DETERMINADAS MATERIAS DE PERSONAL LABORAL: RECOÑECIMENTO E ABONO DA ANTIGÜIDADE.

O Sr. Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<<A normativa vixente recoñece aos funcionarios o dereito ao cobro como retribucións básicas dos denominados trienios unha vez soliciten o primeiro neste concello a instancia de parte, e sen prexuízo do recoñecemento dos servizos previos que acrediten.

Revisado a situación dos laborais deste concello consta que algúns teñen recoñecido o cumprimento de trienios vía acordo plenario con ocasión da aprobación do orzamento municipal (nas bases de execución orzamentaria). Non sendo admisible a existencia de discriminación neste sentido entre o persoal laboral municipal.

Tendo en conta que o Estatuto dos Traballadores recolle a posibilidade de que se recoñeza un plus por antigüidade pola empresa, neste caso o concello.

Estando vixente un Acordo de determinadas materias do persoal laboral municipal no que se pode contemplar o dereito ao recoñecemento de antigüidade de xeito que sexa determinado con carácter xeral para calquera traballador municipal sen prexuízo de que posteriormente se tramite o correspondente expediente de recoñecemento de trienios, e de se-lo caso servizos previos para concretar a data exacta do seu cumprimento por cada traballador e determinación do abono.

Estimándose que o mais axeitado sería procurar a equiparación cos trienios dos funcionarios, solicitouse a emisión de informe ao respecto.

O día 07/11/2012 expediuse informe pola Secretaria e Intervención municipal, cuxa conclusión é a seguinte:

<<.../...CONCLUSIÓN:

A normativa actual obriga o pago dos trienios ao persoal funcionario (incluído o interino), e en canto ao persoal laboral a posibilidade dun plus por antigüidade, cuestión que ademais resultaría discriminatoria de recoñecerse a uns traballadores e non a outros por causa do tipo de relación laboral (fixa ou temporal).

Neste concello existen antecedentes - en vía plenaria- do acordo do seu abono a traballadores laborais non fixos nin funcionarios, sendo a cuantía fixada por trienios a prevista por homologación cos grupos de clasificación dos funcionarios.

En calquera caso, cómpre lembrar que **débese recoller ese dereito e a súa concreción económica no convenio colectivo municipal do persoal laboral con carácter previo ao recoñecemento individualizado**, xa que trátase dunha "posibilidade" que por razóns de seguridade xurídica e igualdade non debe quedar ao albur de cada caso que se plantexa, e sobre todo co fin de determinar tanto a súa distribución temporal como cuantía, para o que estas funcionarias aconsellan a súa remisión aos termos previstos para o funcionario (isto é, por trienios de servizos e cuantía segundo grupo)

Unha vez se recolla no convenio colectivo se podería comezar a recoñecer previa tramitación do expediente segundo o iter procedimental indicado neste informe, incluíndo audiencia.

De existir actualmente solicitudes de traballadores non funcionarios nin laborais fixos consideramos que débense contestar remitindo á futura concreción no convenio e unha vez, este esta recollida, formular nova solicitude coa documentación que proceda, posto que a día de hoxe non existe o dereito ao abono da antigüidade recollido no convenio colectivo municipal e, de figurar no contrato xa se lle debería aplicar.

En calquera caso, aconséllase comprobar os trienios ou antigüidade que se están a abonar a todo o persoal por si procedera algunha regularización ben de forma ou ben de contido, e por ende, de nova avaliación económica.

Por último, os **trienios posteriores** - unha vez recoñecido o trienio anterior no Concello de Rianxo sexa o primeiro ou non neste- **serán recoñecidos de oficio e acordados polo órgano competente municipal antes do seu abono dando traslado á intervención e tesourería, sen prexuízo da súa fiscalización previa.**

.../...>>

O 05/12/2012 reuníronse o Delegado de Persoal, os representantes dos traballadores no Comité de Empresa, e organizacións sindicais (CCOO, UGT e CIGA) e representantes do Concello na Mesa de negociación e asinouse o texto da modificación (acta anexa á sesión nº 7) que consta no expediente.

Polo exposto, esta Alcaldía, propón ao pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Ratificar a modificación adoptada no acordo de determinadas materias do persoal laboral do Concello de Rianxo nos termos que se asinou que son os seguintes:

<< **Cláusula Terceira**

1. O persoal laboral municipal ten dereito á antigüidade nos mesmos termos que se recoñecen por lei aos funcionarios públicos, isto é, por tres anos de servizos na cuantía que determinan as leis de orzamentos xerais do Estado en parangón cos grupos de titulación esixidos para o posto previa tramitación do expediente que se iniciará a instancia de parte.

2. Os trienios posteriores recoñeceranse de oficio.

3. O procedemento é o seguinte:

- a) Instancia do interesado solicitando á Alcaldía o recoñecemento do seu primeiro trienio neste concello. De ter prestado servizos noutras entidades públicas en calquera condición (estatutaria ou laboral, non administrativa) deberá achegar a certificación de servizos previos expedida pola devandita entidade, segundo modelo do anexo II do RD.1461/1982, e solicitar asemade o recoñecemento deses servizos polo Concello de Rianxo.
- b) Incorporase ao expediente polo departamento municipal correspondente o certificado de servizos prestados no Concello de Rianxo.
- c) Fiscalízase pola intervención municipal en atención ao montante económico que supón.
- d) Resólvese polo órgano competente tanto o recoñecemento de servizos previos, se procede, como os trienios que correspondan, e abonase na nómina seguinte.>>

Segundo: Remitir ao órgano autonómico competente para proceder á súa publicación no BOP.>>

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE ASUNTOS SOCIAIS, PARTICIPACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS INTERNOS do día 26/12/2012, sendo este favorable.

O alcalde da a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, di que está a favor de que aos traballadores se lles recoñeza os seus dereitos laborais, e por iso van a apoiar.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que hai que recoñecer o tempo de antigüidade por unha razón de xustiza en parangón co que a lei recoñece aos funcionarios polos trienios.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, di que se trata de evitar diferenzas entre o persoal laboral que si teñen recoñecida a antigüidade neste concello e os que a poden ter, recolléndose así no acordo municipal dos laborais como un dereito xeralmente recoñecido. Asemade comenta que foi obxecto previo de negociación cos representantes dos traballadores e sindicatos. Tráese agora para a súa ratificación polo pleno.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-

5º.- PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS 2013)

O Sr. Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<<A Deputación Provincial de Coruña remitiu o 30/10/2012 a este concello escrito (RXE nº 7837), no que figuran as bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación de Obras e Servizos Municipales do ano 2013 e se indica a asignación que corresponde ao Concello de Rianxo que ascende a 253.391,08€.

Segundo as bases reguladoras deste plan os concellos deben destinar cando menos o 40% do importe ao financiamento de obras, podendo ser o resto para financiar gastos correntes ou ben efectuar maiores investimentos.

Contando xa cos proxectos de obras, informes técnico así como o informe da intervención respecto da previsión de gastos para o 2013, a proposta desagregase do seguinte xeito:

a) No tocante ao investimento en obras:

➤ **INSTALACIÓN REDE DE SANEAMENTO NO LUGAR DE A LAXE GRANDE (TARAGOÑA)**

A dita obra executarase segundo o proxecto técnico das obras (incluído o estudo básico de seguridade e saúde), redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, colexiado nº. 25684, Ian Antonio Orozco Barrios por importe de 101.192 Euros, IVE incluído, que se desagrega nun valor estimado de 83.629,75€ e o iva que ascende a 17.562,25€ (RXE nº 9125, do 24/12/2012)

Consta o informe da arquitecta da asistencia técnico municipal sobre as autorizacións preceptivas (Estradas de Galicia) e non necesidade da supervisión do proxecto do 27/12/2012.

➤ **SANEAMENTO NO LUGAR DE TE (TARAGOÑA)**

A dita obra executarase segundo o proxecto técnico das obras, redactado polo Enxeñeiro Guzman Palacios Rosete, por importe de 72.670,22 Euros, IVE incluído, que se desagrega nun valor estimado de 60.058,03 € e o iva que ascende a 12.612,18€ (RXE nº 9125, do 24/12/2012)

Consta o informe do arquitecto técnico municipal sobre as autorización preceptivas (Servizo de Patrimonio da Xunta de Galicia, Augas de Galicia e Servizo de Estradas da Deputación provincial xa solicitadas o 12/11/2012) e non necesidade de supervisión do proxecto do 08/11/2012.

b) No relativo Ao financiamento de gastos correntes:

- informe de intervención municipal de data 27 de decembro de 2012 conforme ao Anexo II.

Emitido informe por D. Adolfo F. Muñños Sánchez sobre a non solicitude nin percepción de achega algunha para os ditos fins.

Considerando que o Pleno é o órgano competente, de conformidade co artigo 22.2º g) da Lei de Bases de Réxime Local e o artigo 217.2ºa) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, fundamentalmente para solicitar á Excm. Deputación Provincial a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no Plan.

Esta Alcaldía, propón ao pleno a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Aprobar o **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2013**, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras que o Concello ten previsto realizar, e a dedicación a gastos correntes do exercicio 2013, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto
INSTALACIÓN REDE DE SANEAMENTO NO LUGAR DE A LAXE GRANDE (TARAGOÑA)	101.192,00€	0,00€	101.192,00€
SANEAMENTO NO LUGAR DE TE (TARAGOÑA)	72.670,22€	0,00€	72.670,22€

SUBTOTAL OBRAS	173.862,22€	0,00€	173.862,22€
-----------------------	--------------------	--------------	--------------------

Aprobar o proxecto da obras incluída na anualidade 2012 e que se relaciona nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	79.528,86 €

C) Resumo:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
SUBTOTAL OBRAS	173.862,22€	0,00 €	173.862,22 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	79.528,86 €	0,00 €	79.528,86 €
TOTAL	253.391,08€	0,00€	253.391,08€

2. Aprobar o plan complementario do ano 2013 no que se inclúen as obras que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos:

Denominación da obra	Presuposto
-----	-----
TOTAL	-----

3. Declarar que o Concello é titular e ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución da obra, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.
4. Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2013 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal da obra incluída na anualidade do 2013.
5. Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución da obra incluída no plan, que se entenderá aceptada si esta prodúcese efectivamente.
6. Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100 % do seu importe.
7. Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
8. Facultar expresamente o Sr. Alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.>>

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE OBRAS, SERVICIOS, PROTECCION CIVIL E MEDIO AMBIENTE do día 28/12/2012, sendo este favorable.

O alcalde explica de xeito pormenorizado en que consisten as obras incluídas no POS e a necesidade da súa realización polo carácter destas e o beneficio que supoñen estes investimentos para os veciños.

O Alcalde da a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

A voceira do grupo municipal Partido Popular di que van a seguir na mesma liña que adoptaron outras veces ao respecto mentres non se consensue co grupo municipal do Partido Popular as obras a incluír no Plan; isto non quita que están a favor de calquera obra que se execute no concello, mais polo motivo exposto van absterse neste punto.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, manifesta en primeiro lugar o seu abraio en relación á postura exposta polo PP porque na Comisión informativa de obras na que se ditaminou este asunto o representante do PP votou a favor. Di que hai obras que facer noutras zonas pero este servizo de saneamento é imprescindible para atender a estes veciños, un servizo básico por outra parte que de non ser executada polo concello lles obrigaría a cada un deles a desembolsar aproximadamente uns 6.000€ cada un. Son mais de 600 metros de tubaría os que se pretenden instalar. Amosa o seu desexo que do Goberno da Xunta de Galicia exista mais apoio neste tema, sen embargo, é coñecedor que para o 2013 non se prevé nos orzamentos de Augas de Galicia crédito para atender a petición que efectuou este concello para as instalacións de Leiro e Isorna. Asemade, remata, xustifica que se destinen parte da cuantía asignada a este concello polo POS a gastos correntes xa que así financiase, aínda que sexa minimamente, os servizos que se están prestando dende o concello pero que realmente lle corresponderían a outra administracións públicas.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, destaca a escasa cuantía que se lle asigna ao Concello de Rianxo neste plan; sabe que se atende a criterios mais ou menos obxectivos como o da poboación pero ao concretar as cuantías – e neste tempo de crise- resultan insuficientes para atender as obras e servizos municipais. Moléstalle ademais que logo aparecen subvencións nominativas ou convenios con outros concellos que denotan clientelismo que non debería darse na Deputación que ten que atender indistintamente aos diferentes concellos da provincia.

O vicevoceiro do grupo municipal do PP, Ricardo Besada Gesto, intervén para explicar que unha cousa é votar a favor da proposta como o fixo na Comisión Informativa porque é boa para os veciños de Rianxo e outra que no Pleno vanse abster porque están en desacordo co goberno municipal por non procurar o consenso na hora de determinar as obras a incluír no POS.

O Alcalde di que o que se pretende é continuar os tramos para prestar e estender o servizo de saneamento existente. Tratouse de ter en conta as suxerencias que ten feito de obras o PP pero se entendeu mais lóxico e menos custoso podendo beneficiar a mais veciños deste servizo básico que se continuara estendendo as instalacións do que xa hai, e non facer un cachiño alí outro alá. Ademais hai que axustarse aos cartos que se lle asigna ao concello neste plan. Polo tanto, conclúe, considera que se está atendendo ao espírito do que se falou e acordou neste mesmo órgano de goberno, o pleno, en sesións anteriores.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e con 9 votos a favor (os dos 5 membros do grupo municipal do BNG e os dos 4 membros do grupo municipal do PSDdeG-PSOE), e 6 abstencións (dos 6 membros do PP) e cero votos en contra, dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-

6.- MOCIONS DE URXENCIA

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos in-

cluídos na Orde do Día, e antes de pasar o turno de rogos e preguntas, **a Presidencia pregunta se hai mocións.**

Non se presentan mocións.

7.ROGOS E PREGUNTAS

O Alcalde diríxese aos concelleiros por si queren formular algún rogo ou pregunta mais non se fan.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 20.23 minutos, de orde da Presidencia, ábrese a sesión a ROGOS E PREGUNTAS DO PUBLICO ASISTENTE.

Levántase a sesión ás 21: 01 horas, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde

A Secretaria

Adolfo Muíños Sánchez

Carolina Costoya Pardo